

O PSdeG de Vilalba esíxelle ao alcalde que revise os cobros de plusvalías aos veciños, que ven “irregulares”

O voceiro socialista, Eduardo Vidal, entende que os expedientes de liquidación enviados aos veciños para o cobro da taxa sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana “carecen dun dos elementos fundamentais para que teñan validez xurídica, dado que no momento de ser notificados non estaban aprobados por ningún órgano de goberno competente”

O grupo municipal socialista de Vilalba anunciou esta tarde nunha rolda de prensa a súa esixencia ao alcalde de que revise as notificacións que se teñan emitido aos veciños e veciñas do concello para o cobro do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalías municipais). O voceiro do PSdeG-PSOE no municipio, Eduardo Vidal, explicou que os expedientes de liquidación enviados “carecen de validez xurídica”, despois de recibir as queixas de varias persoas afectadas. Os socialistas rexistraron un escrito no concello para arranxar esta situación e pónense a disposición de todas as persoas interesadas para facilitarlles información e as indicacións oportunas para os posibles recursos e accións que poidan exercer.

“Entendemos que os expedientes de liquidación enviados carecen dun dos elementos fundamentais para que teñan validez xurídica, dado que no momento de ser notificados non estaban aprobados por ningún órgano de goberno competente”, afirma Vidal. É por iso que esixen a súa revisión por parte do goberno municipal e “que se deixen sen efecto aquelas liquidacións que puideran non estar amparadas pola resolución do órgano de goberno competente”. No mesmo escrito solicitan que “de ser o caso, sexan devoltos os cartos indebidamente ingresados”.

Os socialistas lembran que xa no mes de xullo pasado, en sesión plenaria, se opuxeran ao cobro de tal imposto, “ao considerar que nos tempos que estamos a vivir resulta un gravamen excesivo e insolidario para moitas economías vilalbesas”. Daquela, o Pleno, co voto en contra dos socialistas, aprobou un convenio para ceder o cobro do imposto á oficina rexistradora da propiedade de Vilalba, polo que esta recibiría un 10% do montante recadado. O grupo municipal socialista entende que pode darse a circunstancia de que “o Concello estivera efectuando os cobros sabendo que os actos podían ser nulos de pleno dereito, ao estar viciadas as notificacións pertinentes”. Eduardo Vidal lembra que “xa non é a primeira vez que o afán recadatorio do alcalde leva o concello a situacións dificilmente explicables”, e engade que “a falta de recursos do concello non xustifica que se poida actuar con menosprezo ao principio de confianza lexítima, que debe presidir todas as accións de calquera Administración Pública”.